

O PALUDISMO EN GALICIA: 2018-2024

A malaria ou paludismo é a enfermidade de orixe parasitaria máis importante nos humanos, causada polos protozoos do xénero *Plasmodium*, do que se coñecen 4 especies con capacidade infectiva en humanos: *P. falciparum*, *P. vivax*, *P. ovale* e *P. malariae*. Ademais, as especies *P. knowlesi*, *P. cynomolgi* e *P. simium* producen a enfermidade en primates e teñen potencial de afectar a humanos. De todas elas, *P. falciparum* é a responsable da maioría de casos, formas graves e mortalidade, sendo a predominante na África subsahariana e Sueste Asiático, seguida de *P. vivax*, espallada por unha área xeográfica maior.

A vía de transmisión máis frecuente é a picada dunha femia infectada de mosquito do xénero *Anopheles* e, moito máis raramente, a través de transplantes, transfusións ou dispositivos contaminados (paludismo inducido) ou vertical (nai-fillo). En España, o paludismo foi endémico ata a súa erradicación en 1964 e, dende entón, a maioría dos casos son importados.

En Galicia, entre os anos 2018 e 2024 foron notificados en Galicia 81 casos de paludismo, todos importados, o que supuxo unha taxa media de notificación de 0.43 casos notificados por 10⁵ habitantes, moi por debaixo da media nacional para o mesmo período (1,38). A maioría dos casos (apéndice) producíronse en homes (75,3 %) cunha mediana de idade de 38 anos (rango 5-58 anos), e o 96,4% foron notificados nas provincias da Coruña e Pontevedra. Só 3 casos foron causados por *P. vivax*. (apéndice). O 96,3% procedían de

África, principalmente de Costa de Marfil e Guinea Ecuatorial (14,8 % cada un) e Ghana (11,1%), e o resto (3 casos) de América do Sur (Brasil e Venezuela). Os principais motivos das viaxes foron o traballo e as vacacións (31% cada un), seguido de motivos descoñecidos (18,5%). Só 5 casos (6,2%) recibiron quimioprofilaxe previa á viaxe.

En canto ó vector, é coñecida a presenza de *A. artroparvus* e *A. maculopennis* no territorio español e norte de Portugal, ambos competentes para a transmisión de *P. vivax*. En Galicia non se tiña constancia da súa presenza, como xa se contara nun [Venres anterior](#). Con todo, *A. maculopennis*, ademais de *A. claviger* e *A. plumbeus*, ambos considerados vectores secundarios, foron capturados por primeira vez nas mostraxes da [Rede Galega de Vixilancia de Vectores \(ReGaViVec\)](#) en 2018, e dende entón confirmouse a súa presenza en tódalas provincias galegas.

Aínda así, o baixo número de casos importados de *P. vivax*, unido á reducida eficiencia dos vectores identificados e á limitación da súa presenza nas zonas rurais e durante o verán, fai que o risco de aparición dun caso autóctono sexa moi baixo. Así, as principais recomendacións deben encamiñarse á detección temperá, ó axeitado manexo dos casos e ó uso das [medidas de protección fronte ós mosquitos](#) mentres dure o período virémico. Ademais, é importante facer fincapé na indicación de acudir á [consulta do viaxeiro](#) antes de viaxar ás rexións endémicas, co fin de realizar a quimioprofilaxe previa e recibir as indicacións preventivas pertinentes.

INCIDENCIA DAS INFECCIÓNS DE TRANSMISIÓN SEXUAL (ITS)

A incidencia das infeccións de transmisión sexual (ITS) ven rexistrando un aumento a nivel [mundial](#) e [europeo](#) na última década, especialmente nos últimos 5 anos. Un caso especialmente ilustrativo desta situación é o da infección gonocócica, que quintuplicou a súa incidencia en Galicia neste período (apéndice), como recolle o [Informe VIH e outras ITS en Galicia 2025](#). Ademais, este mesmo informe tamén reflicte un aumento das ITS entre a poboación heterosexual, o cal apunta a unha baixa percepción do risco respecto a estas enfermidades entre a poboación xeral.

Neste contexto, a Xunta de Galicia ven de poñer en marcha o Plan Galego de Infeccións de Transmisión Sexual 2026-2030 (Plan SEXSAN), unha estratexia integral e pioneira no ámbito estatal orientada a abordar as ITS co ambicioso obxectivo de eliminalas como problema de saúde pública, o cal implica reducir a súa incidencia un 5% anual, no ano 2030.

O plan propón un enfoque global e coordinado das ITS, estruturado arredor de catro eixos fundamentais: prevención e promoción da saúde sexual, diagnóstico precoz e acceso ao tratamento, seguimento das ITS de curso crónico; e mellora

da calidade de vida das persoas afectadas. Este marco pretende reforzar a resposta do sistema sanitario fronte ás ITS, diminuír a transmisión comunitaria e garantir unha atención equitativa e accesible.

Entre as actuacións previstas inclúese o fortalecemento da vixilancia epidemiolóxica, a elaboración dun mapa de recursos en saúde afectivo-sexual que integre servizos sanitarios e comunitarios, e a intensificación das accións preventivas mediante campañas informativas e a distribución de medios de protección, especialmente no ámbito da atención primaria e en colaboración coa farmacia comunitaria.

O plan incorpora tamén medidas de detección temperá, como o desenvolvemento de cribados oportunistas de VIH e das hepatitis B e C en grupos de idade con maior incidencia, tanto en atención primaria como hospitalaria. Ademais, prevese a implantación dun proxecto piloto de cribado domiciliario mediante autotoma, dirixido á detección de infeccións bacterianas frecuentes como gonococia, a clamidia ou *Mycoplasma genitalium*, orientado a poboacións e grupos de risco seleccionados.

APÉNDICE

O PALUDISMO EN GALICIA: 2018-2024

Especie	Nº de casos (%)
P. falciparum	54 (67%)
P. vivax	3 (4%)
P.malarie	3 (4%)
Descoñecido	4 (5%)
P. spp.	6 (7%)
P.falciparum/spp.	11 (14%)
Total	81

Táboa 1. Especies de plasmodium detectadas nos casos de malaria en Galicia (2018-2024)




Figura 1. Casos de malaria totais e por sexos en Galicia entre os anos 2018 e 2024.

INCIDENCIA DAS INFECCIÓNS DE TRANSMISIÓN SEXUAL (ITS)




Figura 2: Evolución anual da incidencia acumulada de gonococia por 100.000 habitantes en Galicia segundo o sexo e comparación coa incidencia acumulada en España (2015-2024).

AUMENTO DOS CASOS DE MPOX EN XANEIRO DE 2026

Dende decembro de 2025 ata a semana 4 deste ano notificáronse en Galicia 9 casos de [Mpox](#), o cal supón un incremento considerable na incidencia respecto a todo o período anterior do mesmo ano. Todos os casos foron homes, e a principal vía de transmisión detectada foi a sexual vinculada a prácticas de risco. Naqueles nos que se puido determinar o clado, todos foron debidos ao clado II. Neste contexto de abrocho, cómpre lembrar [a indicación da vacinación fronte á Mpox](#) nos colectivos con prácticas sexuais de risco, así como a necesidade de comunicación urxente ó SAEG dos casos confirmados, co fin de realizar o estudo de contactos e aplicar as medidas preventivas correspondentes.